

## Contratación

**ACTA DE APERTURA DO SOBRE OU ARQUIVO ELECTRÓNICO NÚM. 1 DO EXPEDIENTE DENOMINADO BASES TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A CONCESIÓN DA AUTORIZACIÓN PARA A XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DOS RECINTOS FEIRAIS DURANTE AS FESTAS PATRONAIS DO ANO 2024 (LOTE 1. ZONA DO REGUEIRIÑO E LOTE 2: CAMPO DA FEIRA) MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO E TRÁMITE ORDINARIO.**

Expte.: 2369/2024

DATA: 14/08/2024

HORA: 11:17

PROCEDIMENTO: Aberto.

TRÁMITE: Ordinario

NÚMERO EXPEDIENTE: 2369/2024

**LOTES:**

- LOTE 1. ZONA DO REGUEIRIÑO
- LOTE 2. CAMPO DA FEIRA

**IMPORTE MÍNIMO LICITACIÓN:**

- LOTE NÚM. 1: ZONA DO REGUEIRIÑO: 26.068,58 €.
- LOTE NÚM. 2: CAMPO DA FEIRA: 25.335,14 €

**Composición da Mesa de Contratación:**Presidenta: D. M.<sup>a</sup> Paz Pérez Asorey.

Vogais:

Fátima Cortizo Seijas (Secretaria Accidental).

D.<sup>a</sup> Susana Souto López (Interventora General).D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Teresa Aller Gude ( Administrativa Axenda Urbana)

Secretario: Salvador González Rodríguez (Asesor Jurídico).

Iniciado o acto de apertura de proposicións do expediente enriba referenciado, procédese á apertura a través de medios electrónicos do SOBRE OU ARQUIVO ELECTRÓNICO NÚM.1. O Secretario da mesa fai constar que non se presentaron ofertas no LOTE NÚM. 1: ZONA DO REGUEIRIÑO. Deste xeito procédese á apertura das ofertas correspondentes ao LOTE NÚM. 2 : CAMPO DA FEIRA, comezando pola primeira proposición presentada:

**PROPOSICIÓN NÚM. 1:** Presentada por MAMBIS EVENTOS, S.L. con CIF núm. B13740287. Presentada electrónicamente o día 13 de agosto de 2024 ás 14:48:40 horas. A documentación presentada é conforme ao previsto nas bases. Polo tanto admítese a proposición.

**PROPOSICIÓN NÚM. 2:** Presentada por EVENTOS PIÑEIRO, S.L. con CIF núm. B70870647. Presentada electrónicamente o día 13 de agosto de 2024 ás 22:59:58. Dase conta de que a empresa introduciu erróneamente a oferta económica.

Tendo en conta a singularidade do procedemento, no cal a lei de contratos queda relegada ao

1/2



Contratación

campo da supletoriedade, tal e como establece o artigo 9.1 da LCSP e considerando que non hai criterios subxectivos que precisen de valoración técnica, a Mesa de Contratación por maioría dos seus asistentes acordou:

**Primeiro.-** Solicitar informe ao Departamento de Contratación acerca da procedencia ou non da exclusión da empresa EVENTOS PIÑEIRO, S.L. por incluír erroneamente a oferta económica no SOBRE NÚM. 1.

**Segundo-** Publicar na plataforma de contratación público esta acta.

Non sendo outro o obxecto da reunión levántase a sesión do que eu, como Secretario da Mesa de Contratación, dou fe.

**O Secretario da Mesa de Contratación  
Salvador González Rodríguez**

**Documento asinado dixitalmente á marxe.**

